

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 14 DE SETEMBRO DO 2007.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas do día catorce de setembro do ano dous mil sete, tivo lugar a sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Miguel A. Español Otero.
- Dna. Montserrat Magallanes Álvarez.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D. Antonio Lomba Baz.
- D. Manuel Javier Crespo González

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACION ACTAS SESIONS ANTERIORES.-(Ord. 17/08/07, Ord. 24/08/07, Ord. 31/08/07 e Ord. 07/09/07).

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días

- 17 de agosto: ningunha observación polo que a acta é aprobada pola unanimidade dos presentes na mesma
- 24 de agosto: ningunha observación polo que a acta é aprobada pola unanimidade dos presentes na mesma
- 31 de agosto: a Xunta de Goberno Local advirte que houbo un erro na transcripción dos acordos adoptados no punto relativo á prórroga de obras, de tal xeito que onde di:

“Lese o escrito RE 6.172 de data 27 de agosto de 2007, presentado por D. ANTONIO LOMBA BAZ, con enderezo na rúa da Cal, nº 16-1º de A Guarda, solicitando prórroga de obras para a licencia 209/2006.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle a prórroga de obra á licencia 209/2006 por un ano.

Debe dicir:

“Lese o escrito RE 6.172 de data 27 de agosto de 2007, presentado por D. ANTONIO LOMBA BAZ, con enderezo na rúa da Cal, nº 16-1º de A Guarda, solicitando prórroga de obras para a licenza 209/2006.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar ó solicitado por atoparse fora do prazo.”

➤ 7 de setembro: a Xunta de Goberno Local advirte que houbo un erro na transcripción do acordo adoptado no punto relativo a Instancias, páxina 1, de tal xeito que onde di:

“Lese o escrito RE 6.482 de data 7 de setembro de 2007, presentado por CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA – DIRECCIÓN XERAL DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS, solicitando que se lles remita debidamente cumprimentado o cuestionario adxunto para Anteproxecto de recuperación de antigos labores mineiros abandonados na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno Local acorda remitilo debidamente cumprimentado.”

Debe dicir:

“Lese o escrito RE 6.482 de data 7 de setembro de 2007, presentado por CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA – DIRECCIÓN XERAL DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS, solicitando que se lles remita debidamente cumprimentado o cuestionario adxunto para Anteproxecto de recuperación de antigos labores mineiros abandonados na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicar a Consellería que no Concello da Guarda non existen pozos mineiros.”

PUNTO 2.- INSTANCIAS

Dase conta do escrito RE 6.590 de data 11 de setembro de 2007, presentado polo CONCELLO DE TUI, xuntando cédula de notificación do consumo de auga do mes de agosto de tal xeito que o mesmo ascende a 15.793,09 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dito consumo e que se proceda o seu pago.

Lese o escrito RE 6.376 de data 4 de setembro de 2007 presentado por D. JOSÉ GONZÁLEZ BACEIRADO, con enderezo na rúa de Barrantes-Cristelos, nº 14 de Tomiño, solicitando o cambio de titularidade do posto número 40 do mercadillo da Alameda pasando a nome de Dña. Verónica Barallobre González. Asimesmo dase conta do escrito RE 6.377 presentado por Dña. VERÓNICA BARALLOBRE GONZÁLEZ solicitando o cambio de titularidade deste posto pasando ó seu nome.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 6.644 de data 12 de setembro de 2007, remitido por CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE solicitando que se lle envíe o informe técnico e reportaxe fotográfica do vertedoiro que se atopa ó borde do mar uha vez subsanadas as deficiencias indicadas na comunicación de data 02/08/07.

A Xunta de Goberno Local sinala que se procederá de inmediato ás obras sinaladas e se lles comunicará por escrito.

Lese o escrito RE 6.657 de data 13 de setembro de 2007, presentado por DNA. CARMEN M^a PACHECO PACHECO, con enderezo na rúa de Forno do Duque, n^o 8 de A Guarda, solicitando que pinte un paso de peóns na rúa Paseo de Portugal a altura do cruce co acceso ó camping.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado á Policía Local para que informe.

Lese o escrito RE 6.658 de data 13 de setembro de 2007, presentado por DNA. LAURA CASTRO ÁLVAREZ, con enderezo na rúa Paseo de Portugal, n^o 110 de A Guarda, solicitando a colocación dun espello para facilitar a visibilidade para incorporarse a estrada no lugar da súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado á Policía Local para que informe.

Lese o escrito RE 6.623 de data 12 de setembro de 2007, presentado por D. RICARDO BARCIA RODRÍGUEZ, con enderezo na rúa 3^a Transv. Netos, n^o 9 de Salcidos (A Guarda) solicitando que se lle informe sobre a licenza de obras para taller de carpintería na Avda. Buxán, n^o 47.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito ó Departamento de Urbanismo par que informe sobre si existe licenza ou non.

PUNTO 3.- SUBVENCIONES

Vista a Orde do 9 de agosto de 2007 pola que se convocan para o ano 2007 as axudas e subvencións para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local no ámbito da colaboración coas entidades locais (DOG N^o 162 do 22/08/07), a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda solicitar dita subvención para a Prorroga da contratación do actual Axente de emprego e desenvolvemento local, así como aprobar o proxecto para o que se solicita a subvención.

PUNTO 4- OBRAS MENORES

Asiste o funcionario do Concello D. José M^a Álvarez Álvarez.

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisalo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A D^a. ESMERALDA FERNÁNDEZ LOMBA, R.E. N^o. 4.981 DE DATA 6 DE XULLO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CASTIÑEIRA N^o. 3 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 80,00 M²., CONSISTENTE EN SUBSTITUIR OS ENTRAMADOS DE MADEIRA EN MAL ESTADO POR RASILLÓNS CERÁMICOS E POBLADO DE TELLA DO PAIS UTILIZANDO A ESTRUCTURA ACTUAL DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE CASTIÑEIRA N^o. 3, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “O CASTRO” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N^o. 9 DO P.X.O.U.).

A D^a. CARMEN LOMBA LOMBA, R.E. N^o. 4.156 DE DATA 5 DE XUÑO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE ORENSE N^o. 8-1^o DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 140,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR OS ENTRAMADOS DE MADEIRA E TELLA PLANA POR VIGUETAS DE FORMIGÓN E PANCHAS DE FIBROCEMENTO DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE OURENSE N^o. 10, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 1 DO P.X.O.U.).

A D^a. MARÍA DEL CARMEN BAZ RODRÍGUEZ, R.E. N^o. 6.177 DE DATA 27 DE AGOSTO DE 2007, E CON DOMICILIO NA PRAZA DE IGNACIO SOBRINO N^o. 2-1^o DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA EXISTENTE POR TELLA MIXTA NUNHA SUPERFICIE DE 124,00 M². DA EDIFICACIÓN SITA NA PRAZA DE IGNACIO SOBRINO N^o. 2, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 5 DO P.X.O.U.).

A D. ADOLFO GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, R.E. N^o. 6.622 DE DATA 12 DE SETEMBRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE MAROUCO-O CASTRO N^o. 15 DE A GUARDA-36789, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 130,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA MIXTA POR URALITA E TELLA DO PAIS, SITA NA RÚA DE MAROUCO-O CASTRO N^o. 15 EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “O CASTRO” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N^o. 9 DO P.X.O.U.).

A D. ANTONIO EVARISTO VILLAVERDE MARTÍNEZ, R.E. Nº. 3.135 DE DATA 7 DE MAIO DE 2007, E CON DOMICILIO NA PRAZA DE A GUIA Nº. 23 DE A GUARDA-36780, PARA INSTALACIÓN DE REDE DE BAIXA TENSIÓN AÉREA PARA SUMINISTRO A UNHA BOMBA PARA RIEGO AGRICOLA, SITA NO LUGAR DE “AMIDO” DA PARROQUIA DE SALCIDOS, EN SOLO NON URBANIZABLE COMÚN (ORDENANZA Nº. 8 DO P.X.O.U.).

A D. MANUEL CARABELOS ESTÉVEZ, R.E. Nº. 6.627 DE DATA 12 DE SETEMBRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE GALICIA Nº. 15-2º DE A GUARDA-36780, PARA REFORMA E ADAPTACIÓN DE ASEOS PARA MINUSVÁLIDOS DA SALA DE FESTAS “MALIZIA” SITA NA RÚA DE BRASIL, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “TABOLADO-FUNCHIDOS” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

Auséntase o Sr. Rodríguez González.

A D. MANUEL RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R.E. Nº. 5.537 DE DATA 28-07-2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE JOSÉ MARÍA SESTO Nº. 21 DE A GUARDA-36789, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 105,00 M²., CONSISTENTE NA DEMOLICIÓN DA CUBERTA, COLOCACIÓN DE BARDOS CERÁMICOS SOBRE ESTRUCTURA EXISTENTE E POBLADO DE TELLA MIXTA, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE JOSÉ MARÍA SESTO Nº. 21, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “A GÁNDARA” DA PARROQUIA DE SALCIDOS” (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

Retorna o Sr. Rodríguez González

A D. JORGE ALFAGEME ROCHA, R.E. Nº. 6.164 DE DATA 27 DE AGOSTO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CUMIEIRA-SAN MIGUEL Nº. 34 DE O ROSAL-36770, PARA INSTALACIÓN DE ANDAMIAXE, REPICADO DE PLAQUETA EXISTENTE E SUBSTITUIR POR UN NOVO APLACADO NUNHA SUPERFICIE DE 325,00 M²., REALIZAR ANTEPEITOS DE BALCÓNS CON LADRILLO NUNHA SUPERFICIE DE 23,00 M²., CAMBIO DE CARPINTERIAS METÁLICAS E MENORQUINAS EN PATIO DE LUCES E CANELETA DE OCULTACIÓN DE CABLES DE FACHADA DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE OURENSE Nº. 9, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

PUNTO 5.- INSTANCIAS URBANÍSTICAS

Lese o escrito RE 2.267 de data 2 de abril de 2007, presentada por D. BASILIO VICENTE SANTIAGO, con enderezo na rúa Galicia, nº 87 de A Guarda, solicitando licenzia para a reposición de madeiras en mal estado e material de cubrición, picado e rexuntado de fachadas para a vivenda sita na rúa Galicia, nº 87.

A Xunta de Goberno Local acorda non acceder ó solicitado posto que a vivenda obxecto das obras atópase fora de ordenación xenérica.

PUNTO 6.- LICENCIA DE APERTURA ACTIVIDADE MOLESTA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenzia municipal promovida por D. FÉLIX GONZÁLEZ GARZA (R.E. 2.373 de data 09 de ABRIL de 2007), para LICENCIA DE ACTIVIDADE DE COMERCIO MAIOR DE PESCADOS (EPIG. 612.8), para o local sito na rúa de Malteses, nº 8-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, da Consellería de Xustiza así como da Consellería de Medio Ambiente, a Comisión de Goberno, por unanimidade ACORDA:

Conceder a D. FÉLIX GONZÁLEZ GARZA licenzia municipal (L.A.M. 6/2007) para LICENCIA DE ACTIVIDADE DE COMERCIO MAIOR DE PESCADOS (EPIG. 612.8), para o local sito na rúa de Malteses, nº 8-baixo.

PUNTO 7.- TRAMITACIÓN DE LICENCIAS DE APERTURA

Dáse conta do expediente tramitado a instancia de IMERYS KILN FURNITURE ESPAÑA, S.A. (R.E. 5.682 DE DATA 02 DE AGOSTO DO 2007) no que solicita licenzia municipal para TRASLADO DUNHA PLANTA SATÉLITE REGASIFICADORA DE GAS NATURAL LICUADO, sita no lugar de As Cachadas s/n - Salcidos deste término municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, de 30 de novembro de 1961, e

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite, cumpríndose os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos a actividade.

RESULTANDO: Que durante o período de reclamacións non se presentou ningunha

CONSIDERANDO: Que o emplazamento previsto é conforme co uso urbanístico, asignado a zona, respetandose as distancias e non existindo na zona actividades analógas que poidan producir efectos aditivos .

A Comisión de Goberno por unanimidade ACORDA :

PRIMEIRO: Informar favorablemente a licencia solicitada por IMERY'S KILN FURNITURE ESPAÑA, S.A. no que solicita licencia municipal para TRASLADO DUNHA PLANTA SATÉLITE REGASIFICADORA DE GAS NATURAL LICUADO, sita no lugar de As Cachadas s/n - Salcidos deste término municipal

SEGUNDO : Dadas as características da actividade que se pretende, propoñense a adopción das medidas correctoras sinaladas no proxecto.

TERCEIRO: Dar traslado do expediente a Comisión Provincial de Medio Ambiente.

Dáse conta do expediente tramitado a instancia de CASTILLO DE SANTA CRUZ, S.L. (R.E. 5.679 DE DATA 02 DE AGOSTO DO 2007) no que solicita licencia municipal para INSTALACIÓN EMISORA DE GLP MEDIANTE 2 DEPÓSITOS DE 49,5 M³ ENTERRADOS E REDE DE DISTRIBUCIÓN PARA URBANIZACIÓN, sitos na Avda. Santo Domingo de Guzmán (S.U.P. Nº 4 "CASTILLO DE SANTA CRUZ") deste término municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, de 30 de novembro de 1961, e

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite, cumpríndose os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos a actividade.

RESULTANDO: Que durante o periodo de reclamacións non se presentou ningunha .

CONSIDERANDO: Que o emplazamento previsto é conforme co uso urbanístico, asignado a zona, respetandose as distancias e non existindo na zona actividades analógas que poidan producir efectos aditivos .

A Comisión de Goberno por unanimidade ACORDA :

PRIMEIRO: Informar favorablemente a licencia solicitada por CASTILLO DE SANTA CRUZ, S.L. no que solicita licencia municipal para INSTALACIÓN EMISORA DE GLP MEDIANTE 2 DEPÓSITOS DE 49,5 M³ ENTERRADOS E REDE DE DISTRIBUCIÓN PARA URBANIZACIÓN, sitos na Avda. Santo Domingo de Guzmán (S.U.P. Nº 4 "CASTILLO DE SANTA CRUZ") deste término municipal

SEGUNDO : Dadas as características da actividade que se pretende, propoñense a adopción das medidas correctoras sinaladas no proxecto.

TERCEIRO: Dar traslado do expediente a Comisión Provincial de Medio Ambiente.